



# Participa!

## Elección dos representantes da comunidade educativa nos consellos escolares de centros docentes

outubro-novembro 2008

Unha ensinanza de calidade pasa por fomentar a participación da comunidade educativa na organización e xestión dos centros. Participar esixe intervir de forma activa nas decisións e accións que se desenvolven no centro.

Debemos darlle o pulo necesario á participación de todos os sectores sociais para contribuír á mellora da educación tomando como principio que a educación é responsabilidade de todos.

A educación e a participación da cidadanía cobran na actual sociedade do coñecemento e da información un enorme sentido para a organización e o desenvolvemento do proxecto colectivo de comunidade que camiña cara a un futuro esperanzador.

Os consellos escolares son o principal instrumento a través do cal a comunidade educativa participa na toma de decisións e na xestión do centro.

Entre todos e todas debemos construír a escola, piar básico da sociedade.



A Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 18/09/2008), establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes.



### Proceso e Calendario

- 1º. **Constitución da Xunta Electoral:** do 3 ao 5 de novembro.  
Regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril. (DOG do 29 de abril de 1988).
- 2º. **Concreción do calendario electoral.**
- 3º. **Proclamación de candidatos.**
- 4º. **Eleccións:** do 24 ao 28 de novembro.
- 5º. **Constitución do Consello Escolar do Centro.**

\* Os centros que iniciaron o seu funcionamento no curso 2008/2009 celebrarán as eleccións para a primeira constitución do consello escolar entre os días 27 e 31 de outubro.

A comunidade educativa participa no goberno dos centros a través do consello escolar.

O artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación determina as competencias do máximo órgano de representación e xestión do centro educativo. Algunhas delas son:

- Aprobar e avaliar o proxecto educativo, o proxecto de xestión e as normas de organización e funcionamento do centro.
- Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- Participar na selección do director do centro nos termos que esta Lei establece.
- Decidir sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolvan.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente.
- Proponer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.

